



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Modificación tribunal e chamamento para o exercicio da fase de oposición no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, de 1 praza de auxiliar de biblioteca (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

Modificación tribunal e chamamento para o exercicio da fase de oposición no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, de 1 praza de auxiliar de biblioteca (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Modificación do tribunal cualificador e chamamento para o exercicio da fase de oposición do Proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de Concurso-Oposición, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Auxiliar de Biblioteca incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000070 – AUXILIAR DE BIBLIOTECA

Aprobada mediante Resolución da Alcaldía núm. 2651/2023 do 22/09/2023 (BOP núm. 185 do 27/09/2023) a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeado o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Auxiliar de Biblioteca incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo, celebrada a sesión constitutiva e a sesión de baremación de méritos da fase de concurso, por Resolución da Alcaldía núm. 2763/2023, do 03/10/2023,

Resolveuse o seguinte:

« **Primeiro.-** Determinada a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria na dita Resolución, e habendo presentado a súa renuncia a vogal suplente número dous (2) do citado tribunal, proceder a súa substitución nos termos seguintes:

D. **José Antonio Esmoris Gómez**, Arqueiro do Concello de Carballo, substitúe a D^a. Blanca Fernández Marqués, Auxiliar de Bibliotecas do Concello de Oleiros.

Segundo.- Consonte coa previsión contida na Base Sexta das Bases Xerais e Bases Específicas reguladoras das convocatorias e procesos selectivos referentes ás prazas incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria do Concello de Carballo para o ano 2022, bases e convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 3600/2022 do 28/11/2022 (BOP núm. 229 do 02/12/2022; BOE núm. 301 do 16/12/2022), convocar aos aspirantes para a realización do **exercicio teórico-práctico** da fase de oposición o vindeiro **11 de outubro as 11.00 horas no EDIFICIO FORUM** (Praza dos Bombeiros Voluntarios, s/n, 15100 Carballo, A Coruña).

Terceiro.- Publicar anuncio da modificación do tribunal cualificador e da data da convocatoria do exercicio da fase de oposición no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal). »

En Carballo, 3 de outubro de 2023

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2023/7848